

Axenda Urbana



01 INTRODUCCIÓN


INTRODUCCIÓN

Celebráronse **3 encontros sectoriais** abertos á participación da cidadanía e, en especial, dos axentes chave do territorio

N	Temática	Data	Lugar
1	Cohesión Social, Igualdade, Vivenda e Participación	Mércores 3 de abril	Baiona
2	Medio Ambiente, Urbanismo e Mobilidade	Xoves 4 de abril	Gondomar
3	Economía, Emprego e Innovación Tecnolóxica	Venres 5 de abril	Nigrán

02 PARTICIPACIÓN


PARTICIPANTES SEGUNDO SEXO



Tomaron parte **45 persoas** en total entre os tres encontros sectoriais, tendo unha participación do 60% mulleres e 40% homes

Gráfico 1. Participantes nos encontros sectoriais segundo sexo


PARTICIPANTES SEGUNDO IDADE



Destaca a participación de persoas de entre 51 e 65 anos (que representan o 52%) e de entre 35 e 50 (o 33%)

Gráfico 2. Participantes nos encontros sectoriais segundo idade

PARTICIPANTES SEGUNDO ENTIDADE Á QUE REPRESENTAN



Acadouse a participación de diferentes tipoloxías de entidades e organizacións (asociacións, empresas, institucións públicas, etc.)

Gráfico 3. Participantes nos encontros sectoriais segundo tipoloxía de entidade

03 RETOS E PROPOSTAS

OE1. ORDENAR O TERRITORIO E FACER UN USO RACIONAL DO SOLO, CONSERVALO E PROTEXELO

RETOS	PROPOSTAS
▪ Contribuír a unha óptima ordenación e planificación do territorio, así como á súa xestión ▪ Garantir un control efectivo do territorio e o cumprimento da normativa en materia de planificación e ordenación ▪ Avanzar na protección, conservación e posta en valor dos elementos patrimoniais, tanto naturais como culturais ▪ Mellorar a calidade ambiental das infraestruturas verdes e azuis, en especial o río Miñor	▪ Dotación de novas figuras de planificación e ordenación do territorio coordinadas a nivel supramunicipal, así como de sistemas efectivos e control do territorio e de cumprimento da normativa en materia de ordenación ▪ Saneamento, coidado e mantemento dos cursos fluviais, en especial do río Miñor e a súa Foz ▪ Catalogación de áreas naturais de especial interese para a súa protección ▪ Rexeneración, plantación e conservación de especies forestais autóctonas

Táboa 1. Retos e propostas referidos ao obxectivo 1

OE2. EVITAR A DISPERSIÓN URBANA E REVITALIZAR A CIDADE EXISTENTE

RETOS	PROPOSTAS
▪ Reducir a actual dispersión de poboación ▪ Mellorar a dotación de servizos nos núcleos urbanos e rurais, apostando pola súa descentralización e fomentando a proximidade ▪ Garantir a accesibilidade universal no deseño urbano e rural, así como flexibilizar e diversificar o uso do espazo público ▪ Aumentar a cohesión entre os núcleos urbanos e o medio rural ▪ Promover construcións que minimicen os impactos negativos sobre o medio ambiente	▪ Dotación de equipamentos públicos destinados á mocidade, así como de uso libre para entidades ▪ Melloras nas instalacións existentes, por exemplo, dos centros educativos ▪ Actuacións urbanísticas baseadas na renaturalización e humanización de espazos, así como nun urbanismo sostible

Táboa 2. Retos e propostas referidos ao obxectivo 2

OE3. PREVIR E REDUCIR OS IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E MELLORAR A RESILIENCIA

RETOS	PROPOSTAS
▪ Reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro, en especial os derivados do transporte ▪ Previr e reducir os impactos do cambio climático, en especial os relacionados co risco de inundacións e incendios	▪ Medidas para o emprego de augas pluviais como prevención ante secas e restricións ao uso da auga ▪ Creación de faixas anti-incendios e outras medidas efectivas para a prevención de incendios

Táboa 3. Retos e propostas referidos ao obxectivo 3

OE4. FACER UNHA XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E FAVORECER A ECONOMÍA CIRCULAR

RETOS	PROPOSTAS
▪ Apostar por unha xestión eficiente da enerxía, así como contribuír ao aforro enerxético ▪ Promover a redución e reutilización de recursos, así como favorecer a súa reciclaxe ▪ Optimizar e reducir o consumo de recursos hídricos ▪ Fomentar a economía circular	▪ Celebración de obradoiros e xornadas de divulgación e concienciación á cidadanía sobre a xestión dos recursos e os residuos ▪ Medidas e incentivos para a creación de comunidades enerxéticas ▪ Dotación de puntos de recollida e separación de residuos, así como proxectos de reciclaxe coa participación da cidadanía ▪ Instalación de sistemas de saneamento que permiten a reutilización de augas

Táboa 4. Retos e propostas referidos ao obxectivo 4

OE5. FAVORECER A PROXIMIDADE E A MOBILIDADE SOSTIBLE

RETOS	PROPOSTAS
▪ Acadar un servizo de transporte público colectivo eficiente, en especial a nivel intermunicipal e parroquial ▪ Favorecer os desprazamentos a pé, tanto por motivos funcionais como por lecer ▪ Promover o uso da bicicleta como medio de transporte funcional ▪ Apostar pola mobilidade compartida ▪ Reducir e evitar o uso excesivo do automóbil privado	▪ Aumento de frecuencias e actualización de liñas de transporte público a nivel intermunicipal e parroquial ▪ Peonalización de rúas nos núcleos urbanos ▪ Creación de sendas peonís que unan os núcleos rurais entre si e cos núcleos urbanos, así como de vías destinadas á mobilidade ciclista ▪ Creación de prazas de aparcadoiro disuasorio nos núcleos urbanos

Táboa 5. Retos e propostas referidos ao obxectivo 5

OE6. FOMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E BUSCAR A EQUITADE

RETOS	PROPOSTAS
▪ Promover a convivencia e a cohesión social ▪ Atender ao reto de envellecemento poboacional, así como reducir o idadismo ▪ Garantir a accesibilidade universal e a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos ▪ Reducir a soidade non desexada e o illamento, en especial entre as persoas maiores	▪ Campañas de sensibilización en materia de cohesión social e igualdade ▪ Dotación de residencias para persoas maiores e en situación de soidade ▪ Medidas de lectura accesible en todo o material destinado á información ▪ Organización de actividades dirixidas á mocidade

Táboa 6. Retos e propostas referidos ao obxectivo 6

OE7. IMPULSAR E FAVORECER A ECONOMÍA URBANA E RURAL

RETOS	PROPOSTAS
▪ Ampliar a oferta formativa no eido laboral favorecendo a promoción do talento ▪ Favorecer as iniciativas de emprendemento, así como a creación de postos de traballo aumentando as oportunidades laborais, en especial para a mocidade ▪ Promover o comercio local e o produto autóctono e de proximidade ▪ Fortalecer sectores estratéxicos do territorio ▪ Apostar por un turismo sostible, de calidade e desestacionalizado.	▪ Creación dun centro de FP con oferta formativa en sectores de proxección ▪ Concesión de axudas dirixidas a emprendedores e a pequenas e medianas empresas ▪ Campañas de concienciación para a promoción do produto local e de proximidade ▪ Elaboración de plans de emprego inclusivo para a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade e outras situacións vulnerables ▪ Creación de paquetes turísticos baseados na diversificación e desestacionalización

Táboa 7. Retos e propostas referidos ao obxectivo 7

OE8. GARANTIR O ACCESO Á VIVENDA

RETOS	PROPOSTAS
▪ Favorecer o acceso á vivenda, en especial para persoas en situación de maior vulnerabilidade facilitando a fixación de poboación ▪ Garantir a accesibilidade universal nas vivendas ▪ Apostar por modelos e fórmulas de convivencia innovadores ▪ Impulsar o aproveitamento de vivendas baleiras e en desuso	▪ Concesión de axudas para o acceso á vivenda tanto para a compra como para alugueiro, en especial para mocidade e rendas baixas ▪ Medidas de regulación do prezo da vivenda en alugueiro ▪ Creación dunha rede pública de vivenda social para compra e alugueiro

Táboa 8. Retos e propostas referidos ao obxectivo 8

OE9. LIDERAR E FOMENTAR A INNOVACIÓN DIXITAL

RETOS	PROPOSTAS
▪ Mellorar o acceso ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación a todos os territorios, en especial ás zonas rurais ▪ Reducir a fenda dixital, favorecendo o acceso igualitario para todas as persoas ▪ Afondar na dixitalización da Administración pública e das iniciativas empresariais, así como aumentar a formación neste eido	▪ Desenvolvemento de accións formativas en TIC dirixidas a empresas e á cidadanía ▪ Creación dun centro de FP con estudos dedicados á innovación tecnolóxica ▪ Medidas de apoio a persoas con dificultade de acceso e manexo das TIC

Táboa 9. Retos e propostas referidos ao obxectivo 9

OE10. MELLORAR OS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN E A GOBERNANZA

RETOS	PROPOSTAS
▪ Fomentar a colaboración e cooperación entre os diferentes axentes do territorio ▪ Favorecer canles e vías para a participación da cidadanía, así como para a gobernanza na toma de decisión ▪ Aumentar a transparencia da Administración pública, así como facilitar e simplificar os trámites administrativos, en especial para persoas en situación de vulnerabilidade ▪ Promover a concienciación e sensibilización da cidadanía en materias abordadas pola Axenda Urbana	▪ Creación de órganos de gobernanza entre diferentes axentes ▪ Desenvolvemento de programas participativos abertos á cidadanía ▪ Dotación de servizos mancomunados ▪ Desenvolvemento de campañas de información, sensibilización e concienciación dirixidos á cidadanía

Táboa 10. Retos e propostas referidos ao obxectivo 10

04 PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS E ACCIÓN



Deputación
Pontevedra



Concello
de Nigrán



Concello
gondomar



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

COHESIÓN SOCIAL, IGUALDADE, VIVENDA E PARTICIPACIÓN



Fomentar a incorporación de vivendas ao mercado de aluguer para residencia habitual, aumentando a oferta de vivenda existente

80%

Adaptar as estruturas de servizos públicos á realidade da poboación da área urbana, tendo en conta a poboación vinculada

73%

Favorecer o desenvolvemento de canles de participación supramunicipais que posibiliten un diálogo conxunto transversal

67%

Ampliar e consolidar o consenso entre municipios para a implantación de organismos e actuacións supramunicipais

67%

Facilitar o acceso aos servizos das persoas dependentes en termos de mobilidade

67%

MEDIO AMBIENTE, URBANISMO E MOBILIDADE



Planificar e desenvolver, conxuntamente, unha infraestrutura verde e azul que recupere e potencie os valores naturais

89%

Desenvolver instrumentos de planificación municipal coordinados e/ou conxuntos ante o risco de secas, de incendios e de inundacións

78%

Impulsar unha xerarquización e especialización viaria que mellore os fluxos rodados e fomenta as mobilidades brandas

75%

Incorporar as mobilidades brandas como alternativa efectiva para as mobilidades de ocio e compras

75%

Favorecer os percorridos peonís ás principais dotacións de servizos e espazos públicos

67%

ECONOMÍA, EMPREGO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA



Establecer plataformas de comunicación conxuntas, portais únicos, que faciliten a comunicación entre administración e cidadanía

90%

Reducir a fenda dixital a través de formación e apoio ás persoas en risco de exclusión dixital

70%

Apostar por unha explotación sostible e desestacionalización do turismo

70%

Suprimir as zonas grises (zonas con dificultades de acceso ás TIC e rede)

60%

Axenda Urbana
Área Funcional
Val Miñor

